

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2016 pola que se adhiren dúas entidades financeiras ao convenio de colaboración para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras adheridas e as sociedades de garantía recíproca (Programa Microcréditos).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 7 de abril de 2016, acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros instrumentadas mediante convenio de colaboración coas entidades financeiras e coas sociedades de garantía recíproca (Programa Microcréditos), bases que foron publicadas mediante Resolución do 2 de agosto de 2016 (DOG núm. 153, do 12 de agosto).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Nas datas do 1 e 12 de setembro de 2016 ratifícase a adhesión das seguintes entidades financeiras: Banco de Sabadell, S.A. e Caixabank, S.A., polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1.a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Artigo único. Engadir as entidades financeiras Banco de Sabadell, S.A. e Caixabank, S.A. á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de colaboración para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros, asinado o 2 de agosto de 2016.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

